| 18394       | LOPEZ BURGO, JUAN CARLOS              | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 78759       | LOPEZ REIS, DIEGO                     | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 23107       | LORENZO CAMPO, Mª ISABEL              | POLICIA | 208,62 | 418,24 | 208,62       | 208,62        |                   | 417,24 |
| 18230       | MAGALLANES OLMIGOS, JUAN MIGUEL       | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |

| Nº PERSONAL | NOMBRE                        | GRADO   |        |        | Importe xuño | Importe xullo | importe ext xullo | TOTAL  |
|-------------|-------------------------------|---------|--------|--------|--------------|---------------|-------------------|--------|
| 78762       | MALLO ESTEVEZ, JOSE CARLOS    | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 79116       | MARCILLA URBANO, RUBÉN        | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 18247       | MARTINEZ DAFONTE, SANTIAGO    | POLICIA | 208,62 | 419,24 | 0            | 417,24        |                   | 417,24 |
| 77029       | MARTINEZ POSADA, VICENTE      | POLICIA | 208,62 | 210,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 77036       | MARTINEZ TILVE, JAVIER        | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 12233       | MENDEZ OITAVEN, AGAPITO       | POLICIA | 208,62 | 208,62 | 208,62       | 0             |                   | 208,62 |
| 79357       | MENDEZ VAZQUEZ, EDUARDO       | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 79360       | OJEA GONZALEZ, ROBERTO        | POLICIA | 208,62 | 210,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 80584       | OTERO PENELA, FERNANDO        | POLICIA | 208,62 | 210,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 22556       | OTERO PINO, Mª CRISTINA       | POLICIA | 208,62 | 432,28 | 0            | 417,24        | 13,04             | 430,28 |
| 80578       | OTERO VILLAR, EZEQUIEL        | POLICIA | 208,62 | 419,24 | 0            | 417,24        |                   | 417,24 |
| 18336       | PARGA BLANCO, RICARDO SANTOS  | POLICIA | 208,62 | 262,78 | 0            | 208,62        | 52,16             | 260,78 |
| 23136       | PENA GONZALEZ, DAMASO         | POLICIA | 208,62 | 419,24 | 0            | 417,24        |                   | 417,24 |
| 79380       | PERALES RODRIGUEZ, ENRIQUE    | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 80587       | PÉREZ BARREIRA, XOSÉ ANTÓN    | POLICIA | 208,62 | 210,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 78286       | PÉREZ FERNANDEZ, JOSÉ LUIS    | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 77021       | PEREZ FERNANDEZ, MANUEL       | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 78765       | PEREZ LANDESA, MANUEL F.      | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 23596       | PEREZ MINIÑO, ELOY            | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 78766       | PEREZ MOSQUERA, GABRIEL       | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 18260       | PEREZ REGUEIRA, JOSE ANTONIO  | POLICIA | 208,62 | 418,24 | 208,62       | 208,62        |                   | 417,24 |
| 78767       | PEREZ RODRIGUEZ, ROBERTO      | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 78768       | PEREZ VAZQUEZ, CARLOS         | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 79362       | PESADO FERNANDEZ, PABLO       | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 76474       | PIÑEIRO GOMEZ, JOSEFA         | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 79111       | PRADO SIMÓN, GUILLERMO JOSÉ   | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 21060       | PRIETO GONZÁLEZ, NILO         | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 78284       | QUINTEIRO VARELA, PABLO       | POLICIA | 208,62 | 419,24 | 0            | 417,24        |                   | 417,24 |
| 78131       | RIO DIZ, DANIEL DEL           | POLICIA | 208,62 | 419,24 | 0            | 417,24        |                   | 417,24 |
| 15852       | RIVERA COUÑAGO, FELIX         | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 15846       | RIVERA LOPEZ, DEOLINDA        | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 23610       | RODRIGUEZ CEBRAL, SILVIA      | POLICIA | 208,62 | 419,24 | 0            | 417,24        |                   | 417,24 |
| 80576       | RODRÍGUEZ MONTERO, ISMAEL     | POLICIA | 208,62 | 419,24 | 0            | 417,24        |                   | 417,24 |
| 18201       | RODRIGUEZ RODRIGUEZ, JOSE     | POLICIA | 208,62 | 418,24 | 208,62       | 208,62        |                   | 417,24 |
| 12285       | RODRIGUEZ TRONCOSO, FRANCISCO | POLICIA | 208,62 | 432,28 | 0            | 417,24        | 13,04             | 430,28 |
| 77040       | SAAVEDRA GONZÁLEZ, NARCISO    | POLICIA | 208,62 | 418,24 | 208,62       | 208,62        |                   | 417,24 |
| 79118       | SÁNCHEZ FRANCO, DIEGO         | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 21114       | SANCHEZ PEREZ, GERARDO        | POLICIA | 208,62 | 210,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |

| Nº PERSONAL | NOMBRE                          | GRADO   |        |        | Importe xuño | Importe xullo | importe ext xullo | TOTAL  |
|-------------|---------------------------------|---------|--------|--------|--------------|---------------|-------------------|--------|
| 23188       | SANTIAGO GONZALEZ, JUAN JOSE    | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 78772       | SANTOS REFOJOS, DAVID           | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 80589       | SOTO RODRÍGUEZ, RICARDO         | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 79353       | SOUTO LOPEZ, IGOR JOSÉ          | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 12374       | SUAREZ CARBAJO, ADOLFO          | POLICIA | 208,62 | 210,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 78283       | SUÁREZ PIÑEIRO, DAVID           | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 12612       | TABOADA PARDO, CELSO            | POLICIA | 208,62 | 210,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 10607       | TORRE GENTIL, PAULINO DE LA     | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 80598       | TOUCEDO ALONSO, JOSÉ            | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 79358       | TOUCEDO GARRIDO, ENRIQUE        | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 77038       | TRONCOSO DOMINGUEZ, JOSE MANUEL | POLICIA | 208,62 | 418,24 | 208,62       | 208,62        |                   | 417,24 |
| 21568       | TRONCOSO PADIN, JUAN JOSE       | POLICIA | 208,62 | 419,24 | 0            | 417,24        |                   | 417,24 |
| 80579       | UBEIRA GROSIO, PATRICIA         | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 79114       | VÁZQUEZ ARIAS, ROBERTO          | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 14210       | VAZQUEZ MARIN, ANTONIO          | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 21572       | VEIGA JORGE, JOSE JESUS         | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 79378       | VERDE VIEITEZ, JOSÉ MANUEL      | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 76476       | VICENTE FERREIRA, JOSE IGNACIO  | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 79122       | VIDAL LORENZO, LUCÍA            | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 18193       | VIGO QUIROS, EMILIO             | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 18307       | VILLAR SANCHEZ, ENRIQUE         | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |
| 23975       | VIVERO MIJARES, JUAN GUILLERMO  | POLICIA | 208,62 | 209,62 | 0            | 208,62        |                   | 208,62 |

**27(1.518).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS GRAN GALA PROCESIÓN CRISTO DA VITORIA AO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 20078/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 6.09.2010, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención co conforme do interventor xeral, de data 15.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da Procesión do Cristo da Victoria, aboarase o persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por D Javier Álvarez García e rematan por D Juan Guillermo Vivero Mijares por unha cantidade total de 1063,98 €.

**28(1.519).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A FUNCIONARIOS DO SERVIZO DE ELECTROMECA'NICOS POR LIMPEZA DE FONTES ORNAMENTAIS. EXPTE. 20009/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da t'ecnico de Avaliaci3n e Formaci3n de Recursos Humanos, do 21.07.2010, conformado pola xefa do servizo de RR.HH., e co informe do t'ecnico de Intervenci3n co conforme do interventor xeral, de data 15.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromec'nicos que participan no operativo da limpeza especial das fontes publicas ornamentais , D Juan Davila P'erez, con nº de persoal 14491, D Francisco Oterino Fern'andez, con n de persoal 10725 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuaci3n se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucci3ns de cadro de persoal, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesi3n de data 21 de xaneiro de 2009, correspondentes ao 2 trimestre do ano 2010:

| N persoal | Nome                         | a percibir |
|-----------|------------------------------|------------|
| 14491     | Juan Davila P'erez           | 351,05     |
| 10725     | Francisco Oterino Fern'andez | 280,84     |
| 79136     | Francisco J Bea Puentes      | 280,84     |

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 912,738 € en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila P'erez, con n de persoal 14491, D Francisco Oterino Fern'andez, con n de persoal 10725 e D Francisco J Bea Puentes, con nº de persoal 79136, con cargo ao RC 40869 realizado en data 14 de xuño de 2010 da partida 92201500000, polo per'odo comprendido entre o 1 de abril e o 30 de xuño de 2010.

**29(1.520).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE AO PERSOAL DO PARQUE M3BIL CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2010. EXPTE. 20092/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da t'ecnico de Avaliaci3n e Formaci3n de Recursos Humanos, do 7.09.2010, conformado pola xefa da 'area de R'exime Interior, e co informe do t'ecnico de Intervenci3n co conforme do interventor xeral, de data 15.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Abonar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, a cantidade que figura na relaci3n que se achega e que comeza por don Antonio Amoedo Garc'ia e remata por don Florentino Prieto Dom'nguez, que ascende a un total de 163,26 euros, correspondente ao mes de Agosto de 2010 con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.



**30(1.521).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE AO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2010. EXPTE. 20091/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 8.09.2010, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención co conforme do interventor xeral, de data 15.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Ramón Seijas Álvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de AGOSTO-2010 e que ascenden a un total 733.20 €), con cargo ao RC nº 40869 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**31(1.522).- ADECUACIÓNS RETRIBUTIVAS ANO 2010. RPT E INSTRUCIÓNS 2010. EXPTE. 20049/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 25.08.2010, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do interventor xeral de data 16.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as guías de funcións dos postos encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación, que figuran como Anexo IV do informe técnico de data 19/08/2010.

2º.- Aprobar as modificacións introducidas nas guías de funcións dos postos do Servizo da Policía Local, Extinción de Incendios, capataces, inspectores nunicipais, encargado de instalacións culturais, conservador de espazos naturais Patrimonio Histórico e auxiliar de laboratorio, que figuran como Anexo X do informe técnico de data 19/08/2010

3º.- Aprobar as modificacións das retribucións dos postos contidos nos Anexos VI (A1 e A2), e Anexo XI.

4º.- Autorizar e comprometer o gasto de 180.000,00 euros, con cargo a partida 922.0.121.0100 “Fondo de adecuación dos postos de traballo”, para dar cobertura ás obrigas económicas derivadas das modificacións retributivas propostas en relación aos postos contidos no Anexo VIII.

5º.- Instar á Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar a cobertura orzamentaria as propostas de modificación retributiva correspondente aos subgrupos A1 e A2 de titulación.

6º.- Aprobar as modificacións da Relación de Postos de Traballo que no supoñen cambios retributivos e, en consecuencia, aprobar a proposta de RPT actualizada, así como as Instrucións de cadro de persoal para o ano 2010, nos termos do consignado nos anexos XII, XIII e XIV.

7º.- Dispoñer que as actualizacións das retribucións dos postos de traballo cuxa modificación se propón se realice nos termos do establecido na proposta efectuada no informe técnico de data 19/08/2010 óbrante no expediente administrativo, que di o seguinte:.

“7.- A actualización das retribucións dos postos de traballo cuxa modificación se propón deberá ter efectos retroactivos dende 1 de xaneiro de 2010, incluíndose na primeira nómina que, técnica e materialmente resulte posible unha vez adoptado o acordo da Xunta de Goberno Local para o seu abono ao persoal afectado.”

Informar así mesmo que no caso de que as modificacións recollidas na RPT deban materializarse na nómina do próximo mes, e para evitar o atraso no calculo da mesma, xa que é necesario modificacións das táboas salariais, unicamente poderíase realizar aquelas referidas a:

- Atrasos e novas retribucións do persoal do Servizo da Policía Local, afectado polas modificacións en canto a complemento de destino e específico.

- Atrasos e regularizacións do persoal do Servizo de Extinción de Incendios.

Non será posible o aboamento das gratificacións por exceso de xornada, ao estar afectadas polas modificacións das táboas salariais.

As demais modificacións materializaríanse na nómina do seguinte mes, con efectos de 1 de xaneiro, no caso de así acordarse. Neste suposto, nos casos nos que sexan modificados os importes das retribucións básicas e/ou complementarias, realizarase o aboamento das cantidades resultantes en concepto de atrasos. Así mesmo deberán actualizarse os importes aboados en concepto de “Gratificación por exceso de Xornada” (concepto 870). No caso do persoal do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, ao incluírse no seu complemento específico as retribucións en concepto de festividade e nocturnidade, deberá procederse ao desconto das cantidades aboadas con cargo a partida “Gratificacións” en concepto festividade/nocturnidade (concepto 220) correspondentes do período comprendido entre xaneiro e o mes anterior ao que se proceda a materialización do acordo na nómina.”

### **32(1.523).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 COSTE CERO DO PROXECTO BEIRARRÚAS NA BAIXADA Á PRAIA-SAIÁNS. EXPTE. 469/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do Xefe de Área de Servizos Xerais, do 17.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “custe cero” do Proxecto de construción de beirarrúas na Baixada á Praia - Saiáns, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificadas no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 16 de setembro.

2º.- Incrementar o prazo de execución das obras en 1 mes, pasando a ser a nova data de

finalización da obra o próximo 13 de outubro.

**33(1.524).- PROXECTO DE INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA DO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO DE SANTA CRISTINA. EXPTE. 429/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.09.10, e de acordo co informe-postposta do Xefe de Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Proxecto presentado pola Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo, de “Instalación solar fotovoltaica do Parque Central de Servizos do Concello de Vigo de Santa Cristina” por importe de execución por contrata (PEC) de 99.876,00 Euros.

2º.- Autorizar a Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo, a realizar as obras correspondentes ao Proxecto de “Instalación solar fotovoltaica do Parque Central de Servizos de Concello de Vigo de Santa Cristina”, cos seguintes condicionantes:

- a) A Fundación Faimevi correrá con todos os gastos necesarios para o desenvolvemento do proxecto.
- b) A Fundación Faimevi redactará os proxectos técnicos, a dirección das obras e a coordinación de seguridade e saúde durante a súa execución, sendo da súa responsabilidade as taxas e os visados cando corresponda.
- c) A Fundación Faimevi tramitará a inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica.
- d) A Fundación Faimevi implantará o seguimento do funcionamento e a produción de enerxía eléctrica, mediante un sistema de control desenvolvido pola Axencia coa colaboración do Departamento de Enxeñería Eléctrica da Universidade de Vigo.
- e) A Fundación Faimevi realizará campañas de difusión da información obtida á cidadanía, a través de paneis informativos, publicacións, e tamén a través da rede.
- f) A Fundación Faimevi xestionará o mantemento e explotación da instalación, tendo en conta que a amortización do investimento e todos os gastos serán sufragados a través dos ingresos obtidos pola venda, á rede de distribución eléctrica da enerxía producida dentro do período previsto na autorización.
- g) A Fundación Faimevi contratará as pólizas de seguros necesarios, cando menos, de danos materiais e responsabilidade civil.
- h) A autorización da instalación concederáse en precario e sen dereito a indemnización algunha en caso de que por razóns de interese público sexa preciso a súa retirada, xa que a natureza das utilizacións non é outra que un acto de tolerancia por parte da administración. Así mesmo ao concederse a autorización a unha fundación sen ánimo de lucro e participada polo Concello, a autorización non poderá ser transmisíbel a terceiros.
- i) A Fundación Faimevi, previamente á instalación e posta en funcionamento da mesma deberá obter a licenza urbanística e demais autorizacións esixidas pola lexislación sectorial.

j) O período de rescate da execución de acordo ao estudo económico que se inclúe no proxecto co nome "Documento Unitario nº 3.5" apartado 7 (Opción de compra e valor residual da instalación), é de 20 anos, podendo ser rescatada a concesión por parte do Concello de Vigo, en calquera momento, sen máis que, aboar a Fundación o capital pendente de amortización.

**34(1.525).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL CONCRETADO NUNHA LUDOTECA DURANTE O ANO 2010. APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 2779/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Xuventude, do 19.04.10, conformado pola concelleira de Xuventude, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 2.09.2010 co conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aprobar o texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de lavadores, durante o ano 2010, que se adxunta o presente expediente.

2º.-Aprobar o gasto de 25.000 euros a favor da entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de lavadores, C.I.F. G-36.6633618. con cargo á partida 4520.489.00.01 do vixente orzamento.

3º.-Que se libre a cantidade de 12.500 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (12.500 €) á finalización do mesmo.

4º.- Facultar á Concelleira de Xuventude, Iolanda Veloso Ríos para a sinatura do presente convenio

*"Na Casa do Concello de Vigo, a*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, dona Iolanda Veloso Ríos, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Xuventude do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don D. Eduardo Fernández Pérez , con D.N.I. 35.961.107-D como presidente da Asociación Veciñal y Cultural de Lavadores, CIF nº G-36.6633618 e enderezo social en Rúa Ramón Nieto nº 302 , na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 2779/336.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

## **MANIFESTAN**

**I.-** Que a entidade Asociación Veciñal y Cultural de Lavadores ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

**II.-** Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Veciñal e Cultural de Lavadores, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase convínste a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

**III.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.01, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

**V.-** Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 2779/336.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, conveñen a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores comprométese a desenvolver a actividade de Ludoteca en Lavadores e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 7 e 12 anos, como mínimo, no inmovible denominado Villa Galicia, na rúa Ramón Nieto núm. 302, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:30 e 20:30 horas tódolos meses do ano a excepción do mes de agosto.

2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

5º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

6º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Conceder directamente á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores unha subvención por importe de 25.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.01 “Subvención Ludoteca AAVV de Lavadores” do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación da actividade de ludoteca no ano 2010.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (12.500 €) e outro do 50% restante (12.500 €) á finalización do mesmo,

previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen réxime de garantías dos fondos entregados. Co obxecto de facilitar á entidade a disposición de fondos previos ao pagamento do primeiro prazo anticipado por parte do Concello, establécese como gasto subvencionable a cantidade de 600€ destinados a sufragar gastos financeiros por parte da entidade, indispensables para a execución da actividade.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

**Sétimo.-** A entidade Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores debe dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

**Oitavo.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

**Noveno.-** A Asociación Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores, no prazo máximo 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. Tendo en conta que o 95% da subvención destínase a financiar gastos de persoal, a entidade beneficiaria deberá incorporar á conta xustificativa as nóminas es os Tcs relativos a dito persoal, así como unha declaración asinada polo presidente da entidade na que conste que foi practicada a pertinente retención para o Imposto sobre a renda das Persoas Físicas, e que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto

acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2010.

A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

**Décimo terceiro.-** A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións



de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a de 2010

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril.

#### **35(1.526).- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN CANDEÁN. EXPTE. 9761/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 17.09.10, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto básico e de execución para construción dun pavillón polideportivo EN Candeán, redactado polos arquitectos D. Miguel Porras Gestido, D<sup>a</sup>. Paula Costoya Carro e D<sup>a</sup>. Mónica Freire Garrido de Naos 04 Arquitectos, SLP, que ten un orzamento base de licitación de 2.374.999,99 € (dous millóns trescentos setenta e catro mil novecentos noventa e nove euros con noventa e nove céntimos).

**36(1.527).- RETIFICACIÓN DO ACORDO XGL 5-08-2010, SUBVENCIÓN PARA PROCESO DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DA POBOACIÓN MIGRANTES DE VIGO. EXPTE. 56527/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de área de Benestar Social, do 16.09.2010, co conforme da concelleira de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Rectificar o acordo de data 5 de agosto de 2010 no punto 1 da parte dispositiva incluíndo o eixe de muller que por erro non se incluíu. Solicitar por tanto no marco da resolución do 16 de xullo de 2010 para a concesión de subvencións para programas ou actividades. nos eixes de:

- Eixe de muller
- Eixe de acollida
- Eixe de educación
- Eixe de emprego
- Eixe de vivenda
- Eixe de infancia e xuventude

2º.- Ratificar en tódolos demais extremos o acordo de Xunta de Goberno Local de data 5 de agosto de 2010.

**37(1.528).- PRORROGA II PLAN LOCAL DROGODEPENDENCIAS. EXPTE. 57192/301**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de área de Benestar Social e do director técnico do PLDA, do 16.09.2010, co conforme da concelleira de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Validar as accións realizadas dende a finalización da vixencia do Plan Local de Drogas 2006- 2008 ata a data de hoxe.

2º.- Prorrogar a vixencia do Plan Local de Drogas 2006- 2008 ata seis meses despois da aprobación do próximo Plan de Galicia sobre Drogas.

**38(1.529).- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, TRAMITACIÓN URXENTE, POR PROCESO ABERTO DAS OBRAS “HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DE GALICIA, DENDE O Nº 1 AO 120”. EXPTE. 6629/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 17.09.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a tramitación do presente expediente pola vía de urxencia, así como aproba-lo gasto de 443.878,07 euros para a contratación das obras de “Humanización da avenida De Galicia do nº 1 ao 120” no marco do programa “Rexeneración Urbana do barrio de Teis”. que se imputarán a partida 1550.6110009.2009 do presuposto do ano 2009.

2º Aprobar o expediente de contratación para a contratación das obras de “Humanización da Av. De Galicia do nº 1 ao 120” no marco do programa “Rexeneración Urbana do barrio de Teis”, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 09/12/2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras por procedemento aberto de data 22/07/2010.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista para a execución do contrato.

**39(1.530).- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

an/rs

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.